Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✦ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Morte

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Compaña e os poderes da Cruz de Ferro de Penamaior

A cruz levántase en Penamaior, en Becerreá (Lugo), xunta o antigo mosteiro cisterciense (hai quen asegura que polo lugar tamén andaron os templarios). Disque que pola noite, os mortos que forman a Santa Compaña, a procesión nocturna de ánimas en pena, axeónllanse diante dela para atopar a salvación das súas almas. Ao parecer, a cruz foi erixida polos monxes que habitaron o cenobio; cóntase que cando trona, todos os raios van parar a ela.

[Texto de Xabier Moure Salgado. Xullo de 2012]